



A Consellería de Economía, Emprego e Industria, ven de publicar no DOG nº 72 de 13 de abril de 2018 as bases reguladoras dun programa a favor da contratación e formación de mozos/as.

Finalidade

Esta orde ten como finalidade fixar as bases reguladoras polas cales se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria das subvencións establecidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para o ano 2018, coa finalidade de facilitar a inserción laboral de xoves menores de 30 anos desempregados que presentan desvantaxes e dificultades particulares para permanecer no mercado de traballo, e favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade e ocupabilidade.

Por medio desta convocatoria as empresas terán a posibilidade de obter axudas para a contratación e formación por conta allea (procedemento TR349T).

Inclúense dous tipos de axuda compatibles:

- a) Bono de contratación, por medio do cal se proporcionará unha subvención para os contratos cunha duración mínima de doce meses das persoas desempregadas menores de 30 anos.
- b) Bono de formación (opcional), dirixido as persoas contratadas por medio desta orde, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.

Solicitudes e prazos

O prazo xeral para a presentación das solicitudes de axudas establecidas nesta orde comezará ao día seguinte da súa publicación e rematará o 30 de setembro de 2018.

As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables realizadas entre o 16 de decembro de 2017 e a data da publicación desta orde deberán presentarse no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación da orde.

As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables realizadas a partir da entrada en vigor desta orde deberán presentarse no prazo de dous meses dende a data de inicio da relación laboral, respectando o prazo xeral de 30 de setembro de 2018.

Se o último día de prazo non fose hábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.